



# BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 274

IX lexislatura

16 de abril de 2014

Fascículo 2

## SUMARIO

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.1. Procedementos de natureza normativa

##### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

**COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Cualificación de emendas á totalidade do Proxecto de lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (21335, 09/PL-000017)

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 21820) [65483](#)

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 21821) [65487](#)

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

#### COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

A Mesa da Comisión 1ª, Institucional, de Administración xeral, Xustiza e Interior, na reunión do 9 de abril de 2014, adoptou os seguintes acordos:

**Cualificación de emendas a totalidade do proxecto de lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (21335, 09/PL-000017)**

- 21335 (09/PL-000017)

Presidencia da Xunta de Galicia

Proxecto de lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acórdase a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas a totalidade de devolución (un total de dúas):

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 21820)

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 21821)

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2014

Pilar Rojo Noguera  
Presidenta



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, ao Proxecto de lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local (doc. núm. **21335**) en base aos seguintes motivos:

Con este proxecto de lei o Goberno Galego continúa coa súa posición de absoluta submisión ás políticas deseñadas no Estado e no canto de defender as competencias recollidas no artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galiza, con este texto pretende tapar as numerosas disfuncións que a norma estatal xera na súa aplicación na administración local de Galiza con graves consecuencias na prestación de servizos á cidadanía.

Este proxecto de lei implica unha total subordinación á normativa estatal, aceptando de partida que se trata dunha norma básica que debe ser asumida como marco de referencia por Galiza, e a partir de dito marco facer un desenvolvemento da administración local en Galiza. Con este plantexamento non se pode falar de exercicio de competencias exclusivas, como se expresa na exposición de motivos en referencia ao artigo 27 do EAG, senón do exercicio de meras competencias de execución da normativa estatal.

A normativa básica de réxime local, logo da entrada en vigor da Lei 27/2013, é esgotadora, no senso de que a marxe para a autorregulación polas CCAA, e tamén para a aplicación de políticas locais para actuar no seu círculo de intereses propio dos



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

concellos, é ínfima, polo que pretender que normas “aclaratorias” ou de “aplicación” de dita norma teñen o obxectivo de mellorar a marxe de autonomía local é un argumento falso, en realidade acompáñase o plan do Goberno central para que a reforma tamén teña éxito e para a súa plena aplicación en Galiza.

Aínda que a exposición de motivos fai esforzos argumentativos para soste que se garante a autonomía local, e que non se articula agora un modelo pechado de competencias, co que poderían ser ampliadas para asegurar a intervención nos asuntos de interese local, a interpretación sistemática e comprensiva da nova reforma non permite chegar a esa conclusión.

Por unha banda, mantense a derogación do artigo 28 da LBRL, que habilitaba a realización de actividades complementarias polos concellos ás doutras administracións en función dunha análise propia do interese local; e por outra banda, os mecanismos para asumir novas competencias, ou manter as que se viñan exercendo a través de dito artigo, teñen que someterse a informes doutras administracións, isto é, estará intervida esa facultade de exercer competencias non propias, cando anteriormente era unha simple facultade dos concellos en función da análise concreta, de cada realidade, co interese local.

O cerne no anteproxecto de lei está, xa que logo nesta cuestión. Na parte final da exposición de motivos, logo de exculpar da invasión competencial que supón a Lei 27/2013 e aceptar que as competencias “exclusivas” de Galiza vía artigo 27 EAG se vexan limitadas a unha mera execución e adaptación normativa, faise un esforzo por xustificar que o elenco competencial que se diseña na vixente reforma local non é pechado, senón que será concretado na lexislación sectorial, e asemade dun xeito singular para cada entidade local tamén se poderá fixar de xeito concreto en base á delegación de competencias; que malia derogación da posibilidade de realizar



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

actividades e servizos complementarios, non pode descoñecerse a realidade actual, avogando por manter ditos servizos.

Por iso, o que se pretende basicamente é perfilar o sistema de delegación de competencias, regular os requisitos para a atribución de competencias na lexislación sectorial autonómica de aquí en diante para que se sometan á disciplina do “déficit cero” e articular transitoriamente o exercicio das actuais.

Con todo, asúmese totalmente o aspecto fulcral da reforma local, que é que toda competencia que non sexa propia, exércese sempre que se cumpra o principio de estabilidade orzamentaria, o estrito cumprimento dos obxectivos de déficit e a supeditación aos informes de administracións autonómica e local, que son vinculantes. Isto é, a aceptar a intervención e decisión doutras administracións á hora de ampliar competencias, e con iso servizos e funcións que poidan considerarse de interese local, o que en realidade se converte nun control político aos concellos desde o Goberno galego e central.

Este proxecto de lei prérgase á filosofía da reforma local, no seu aspecto básico relativo ao control da actividade e competencias dos concellos a través da aplicación do principio de estabilidade financeira, que será filtro para o control da actividade dos concellos.

Para alén diso, estas medidas urxentes son insuficientes porque afrontan só aspectos parciais en canto á clarificación de competencias, mais non o verdadeiro problema, que é sometemento dos concellos ao cumprimento estrito dos principios e normas sobre estabilidade orzamentaria e déficit cero, nos termos da reforma constitucional “expres” de 2011, que ademais se emprega para introducir un control directo na súa actividade e competencias, e minguar a autonomía local, até facelos meros executores dun elenco reducido de competencias.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por iso formulamos a presente emenda de totalidade ao Proxecto de lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, con petición de devolución ao Goberno.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2014

Asdo.: **Francisco Xesús Jorquera Caselas**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 03/04/2014 17:08:37**

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade, con petición expresa de devolución, ao Proxecto de lei de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración local (doc. núm. 21335).

O texto remitido polo Goberno debe ser devolto, sobre a base das seguintes consideracións:

- Resulta consecuencia directa e fundaméntase nunha lei estatal inaceptable, rexeitada polas entidades locais galegas e incursa nun trámite de inconstitucionalidade que causará unha crecente inseguridade xurídica.
- Non constitúe unha proposta válida para as diversas administracións, dado que non resolve nin clarifica adecuadamente os ámbitos competenciais, nin o financiamento necesario para acometer os cambios previstos nuns prazos previsibles.
- Reduce drasticamente a autonomía municipal, incluíndo a súa limitación na capacidade de auto – organización e situando as corporacións locais nun plano de desigualdade respecto do resto das administracións.
- Os concellos son tratados como entidades subordinadas, aos que se lles recorta competencias e nos que se propicia a desaparición de servizos básicos para a cidadanía, abrindo un novo camiño para a privatización.

## Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

- Non conta cun proceso previo de tramitación válido, que foi realizado en catro días segundo a documentación recibida dende o Goberno autonómico, coa omisión de ditames e informes necesarios e básicos.
- Resulta contraditoria e provoca confusión en relación á diversa normativa existente, principalmente no tocante á prestación de servizos públicos básicos para a cidadanía.

Ante todas estas consideracións reiteramos a devolución expresa do proxecto de lei.

Pazo do Parlamento, 3 de abril de 2014

**Asinado dixitalmente por:**

**José Luís Méndez Romeu na data 03/04/2014 16:44:59**



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA  
ESTRUCTURA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

- 1.1.1. NORMAS APROBADAS
- 1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

- 1.2.1. INVESTIDURA
- 1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA
- 1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

- 1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
- 1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
- 1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
- 1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
- 1.3.5. MOCIÓNS
- 1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI
- 1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS
- 1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

- 1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA
- 1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
- 1.4.3. INTERPELACIÓNS
- 1.4.4. PREGUNTAS
- 1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS
- 1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS
- 1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

- 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO
- 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS
- 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
- 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

- 4.1. INFORMACIÓNS
  - 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS
-



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727